



A Ría de Ribadeo: Trabada

Os ameneiraís atlánticos e as carballeiras galaico-portuguesas, ambos hábitats de interese comunitario, configuran a paisaxe forestal natural das ribeiras da Ría de Ribadeo. LIFE Fluvial busca mellorar o seu estado de conservación e o incremento da súa extensión.

Atopámonos na cola da ría, onde o ecosistema fluvial contacta co estuarino, creando unha zona de transición rica en especies de flora e fauna. É de destacar a gran diversidade ornitolóxica existente en toda a zona estando catalogada como Zona de Especial Protección para as Aves.

Actuouse sobre especies exóticas como os chopos híbridos (*Populus x canadensis*) e outras especies menores como o mexacan (*Tradescantia fluminensis*), o bambú (*Phyllostachys* sp.), a crocosmia (*Crocosmia × crocosmiiflora*), etc. A maioría empregadas na xardinería e que chegan ao medio natural ribeirego a través de refugallos de podas ou sementes arrastradas pola corrente



Ao quitar os grandes chopos híbridos, que ocupaban case todo o illote, a vexetación ribeirega autóctona terá maior capacidade de desenvolverse e mellorar as condicóns do hábitat ribeireño



Plantáronse máis de 750 pés de especies características de hábitats naturais da zona como loureiros (*Laurus nobilis*), salgueiros negros (*Salix atrocinerea*), avelairas (*Corylus avellana*), freixos (*Fraxinus excelsior*) e pradairos (*Acer pseudoplatanus*) que axudarán ao establecemento dunha cuberta vexetal autóctona



O mexacan, capaz de ocupar grandes árees do sotobosque ribeirego e cunha forte presenza na zona da pasarela. Crocosmia é un híbrido de xardinería invasor en moitos ríos de Europa



O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica